

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de xuño de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez

**Invitados**

D. Javier Pardo Espiñeira  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día oito de xuño de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(543).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(544).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 5ª EDICIÓN DA “CARREIRA NOCTURNA CORRENDO VIGO” O VINDEIRO DÍA 10 DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 15756/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 6/06/17, asinado polo director deportivo e xefe da Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

### 1.- Antecedentes:

A entidade Club de Corredores Carlos Miguel, con CIF (G-27779206), solicitou o día 18-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160156780), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 5º edición NOCTURNA CORRENDO POR VIGO
- Data: sábado, 10 de xuño de 2017
- Horario: 21.00 a 23.30h
- Desmontaxe: 17.00h a 00.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **sábado 10 de xuño de 2017**, a proba deportiva terá a súa saída ás 21.00h dende o mercado de Travesas para seguir pola rúa Florida, Praza de América, xiro en Castela, rúa Porriño, Baiona, rotonda, seguir pola rúa Redondela, xirar en Castela, Quintela, Fotógrago Angel Llanos, Praza da Tellada, Dario Durán, Florida, Martín Echegaray, para rematar no entorno do mercado de Travesas ás 23.30h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

### 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade Club Deportes Carlos Miguel, con CIF (G-27779206), a organizar o vindeiro sábado 10 de xuño de 2017, o evento deportivo denominado 5º edición da carreira NOCTURNA CORRENDO POR VIGO, a proba comezará ás ás

21.00h dende o mercado de Travesas para seguir pola rúa Florida, Praza de América, xiro en Castelao, rúa Porriño, Bayona, rotonda, seguir pola rúa Redondela, xirar en Castelao, Quintela, Fotógrafo Angel Llanos, Praza da Tellada, Dario Durán, Florida, Martín Echegaray, para rematar no entorno do mercado de Travesas ás 23.30h.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(545).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “10º TROFEO CONCELLO DE VIGO DE CICLISMO” O VINDEIRO DÍA 11 DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 15660/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 6/06/17, asinado polo director deportivo e xefe da Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*A entidade Club Ciclista Ría de Vigo, con CIF (G-36745107), solicitou o día 7-12-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160165782), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: 10º TROFEO CONCELLO DE VIGO DE CICLISMO*
- *Data: 11 de xuño de 2017*
- *Horario: 09.00h a 13.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro domingo **11 de xuño de 2017**, a proba se desenvolvera nas inmediacións do Auditorio Mar de Vigo (Beiramar), para seguir a dereita ata o comenzo dos soportales, facer un xiro e seguir ata a rotonda de Bouzas (Liceo) para voltar por Beiramar ata o Auditorio onde rematará a proba.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.*

*Cóntase tamén, coa autorización da Autoridade Portuaria, tendo en conta que a proba vai transitar por un vial situado en zona portuaria.*

#### **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización*

*para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:*

### **3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar á Club Ciclista Ría de Vigo, con CIF (G-36745107), a organizar o vindeiro **domingo 11 de xuño de 2017**, o evento deportivo denominado 10º TROFEO CONCELLO DE VIGO DE CICLISMO, a proba se desenvolvera nas inmediacións do Auditorio Mar de Vigo (Beiramar), para seguir a dereita ata o comenzo dos soportales, logo facer un xiro e seguir ata a rotonda de Bouzas (Liceo) para voltar por Beiramar ata o Auditorio onde rematará a proba.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(546).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 4ª EDICIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “CORUXO MÓVESE” O VINDEIRO DÍA 11 DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 15757/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 6/06/17, asinado polo director deportivo e xefe da Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*A entidade Fundación Isidré Esteve, con CIF (G-25726316), solicitou o día 17-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160155387), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: 4 º EDICION CORUXO MOVESE*
- *Data: 11 de xuño de 2017*
- *Horario: 09.30h a 16.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro domingo 11 de xuño de 2017, a proba se desenvolvera nas inmediacións do campo de fútbol de Coruxo, tendo a súa saída prevista ás 9.30h dende a explanada que se atopa diante do citado campo de fútbol, para seguir ata a ponte de Toralla para logo voltar ata Canido, facer un xiro e voltar ata á explanada.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*

- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.*

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:*

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

*Autorizar á Fundación Isidré Esteve, con CIF (G-25726316), a organizar o vindeiro domingo 11 de xuño de 2017, o evento deportivo denominado 4 º EDICION CORUXO MOVESE, a proba terá a súa saída dende o campo de fútbol de Coruxo, ás 9.30h da explanada que se atopa diante do citado campo de fútbol, para seguir ata a ponte de Toralla para logo voltar ata Canido, facer un xiro e voltar ata á explanada, a finalización da proba está prevista para ás 16.00h.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **5(547).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN POR TERCEIROS PARTICULARES DE QUIOSCOS NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO- ANO 2007. EXPTE. 12376/306.**

Dáse conta da proposta de data 7/06/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de xuño de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

### 10.- Propostas de clasificación

a) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno

local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- Sesión do 29 de maio de 2017: A Mesa acordou non admitir neste procedemento a D. XOSE MARÍA MIGUÉNS GONZALVES por non ter presentado no Sobre 1 o xustificante de ter depositado a garantía provisional (esixido na cláusula sexta -punto2- do prego de cláusulas administrativas particulares), nin tela depositado (achega no sobre A escrito onde fai constar “*actualmente non dispón da cantidade de 600€ para a realización do depósito da garantía provisional para a licitación do lote 1, encontrándose actualmente en trámites coa entidade Abanca para a obtención da cantidade indicada*”).
- Sesión do 2 de xuño de 2017: A Mesa acordou a exclusión de D. Ricardo Santiago Daponte para o lote 3 (areal do Tombo do Gato) por cualificarse como NON APTA a súa proposta “*por superar a superficie máxima construída de 20,00m<sup>2</sup>*”.
- Sesión do 6 de xuño de 2017: A Mesa acordou a exclusión de D. Ricardo Santiago Daponte do lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4 nos planos do Anexo II do prego) por ofertar un canon por debaixo do canon mínimo a aboar ao Concello esixido na cláusula cuarta do prego.

Segundo.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306) na seguinte orde descendente:

| Lote 2, quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre) |            |
|--|------------|
| ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.                   | 100 puntos |

| Lote 3, quiosco do areal do Tombo do Gato |            |
|---|------------|
| Dª. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO               | 100 puntos |

| Lote 4, quiosco do areal do Tombo do Gato |              |
|---|--------------|
| Dª. OBDULIA LASTRA FRANCISCO              | 100 puntos   |
| ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.            | 90,13 puntos |

| Lote 5, quiosco do areal de Argazada |              |
|--------------------------------------|--------------|
| Dª. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO          | 100 puntos   |
| Dª. OBDULIA LASTRA FRANCISCO         | 83,93 puntos |

| Lote 6, quiosco do areal de Samil |              |
|-----------------------------------|--------------|
| D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE       | 100 puntos   |
| ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.    | 65,48 puntos |

| Lote 7, quiosco do areal de Samil |              |
|-----------------------------------|--------------|
| D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE       | 100 puntos   |
| ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.    | 60,50 puntos |

| Lote 8, quiosco do areal de Samil        |            |
|--|------------|
| D <sup>a</sup> . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO | 100 puntos |

| Lote 9, quiosco situado no areal do Vao |            |
|---|------------|
| ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.          | 100 puntos |

| Lote 11, quiosco do areal da Etea |            |
|-----------------------------------|------------|
| D. MANUEL LAGO CHAPELA            | 100 puntos |

Terceiro.- Requiritr aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2 e 9), D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3, 5 e 8), D<sup>a</sup>. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 7) e D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 11), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida na cláusula quinta e décima do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requiritr aos citados licitadores o aboamento de 145,70 euros (13,25 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**6(548).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTOS OS LOTES 1 E 10 DA ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN,**

## **INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN POR TERCEIROS PARTICULARES DE QUIOSCOS NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO- ANO 2007. EXPTE. 12376/306.**

Dáse conta da proposta de data 6/06/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de xuño de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

### 13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)

### ANTECEDENTES

Único.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de xuño de 2017, á vista do resultado da apertura do sobre 2 *“Modelo de quiosco proposto”* que tivo lugar na sesión do 29 de maio de 2017 e do informe emitido polos arquitectos municipais do 30 de maio de 2017 de valoración do referido sobre, así como do resultado da apertura do sobre 3 *“Proposición económica”*, adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

- *“Propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, que declare desertos os lotes 1 (quiosco do areal da Punta -A Guía- sinalado co nº 1 nos planos do Anexo II) e 10 (quiosco do areal do Vao sinalado co nº 10 nos planos anexos ao prego) por non terse presentado ningunha proposición.*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición aos lotes 1 e 10, procede declarar desertos estes lotes.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

- Declarar desertos os lotes 1 (*quiosco do areal da Punta -A Guía- sinalado co no 1 nos planos do Anexo II*) e 10 (*quiosco do areal do Vao sinalado co nº 10 nos planos anexos ao prego*) por non terse presentado ningunha proposición.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(549).- PRÓRROGA DO ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS PARA O PERSOAL DO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL, MES DE XUÑO 2017. EXPTE. 30095/220.**

Visto o informe de fiscalización do 2/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 1/06/17, asinado pola técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 5 de outubro de 2012 aprobou o Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do Servizo da Policía Local ( expte. 36255/212). Dito acordo basease na petición realizada en agosto de 2012 polo Servizo da Policía local na que solicitan o incremento en 11 xornadas anuais de traballo e que teñen por obxecto:*

*1º.- Garantir a presenza dun mínimo de 48 funcionarios no turno de mañán durante todo o ano.*

*2º.- Garantir a presenza dun mínimo de 38 funcionarios no turno da tarde durante todo o ano.*

*3º.- Procurar nos turnos de mañana e tarde, e no seu caso no da noite para as campañas específicas que poidan establecerse, un incremento medio de catro funcionarios por turno.*

*4º.- Diseñar e executar con eficacia e eficiencia cantas actuacións específicas resulten do exercicio das competencias propias: controis de velocidade; consumo de alcohol e outras sustancias prohibidas na conducción de vehículos; controis sobre os pasos de peóns e cruces regulados con semáforos; controis sobre o uso dos medios de seguridade pasiva na utilización de vehículos; controis específicos en materia de seguridade cidadá –en particular, do fenómeno do botellón; controis sobre a ocupación do dominio público e de protección dos bens públicos; actuacións específicas en materia de violencia de xénero; actuacións específicas en materia de protección do medio ambiente; policía urbanística en canto ao control de actividades sin licenza ou non conformes á mesma; participar no mantemento da orde público nos espectáculos públicos, nas manifestacións e demais supostos de grandes concentracións de persoas, etc.).*

*No seu punto primeiro no derradeiro parragrafo recollese que:*

*“Dependendo da disponibilidade orzamentaria, este acordo poderá prorrogarse anualmente en tanto se manteñan as condicións que dan lugar ao mesmo, sendo susceptible de seren modificados aspectos puntuais, previo acordo acadado na Comisión de Seguimento”.*

*En informe de data 29/05/2017 do Intendente da Policía Local, conformado polo Concelleiro delegado da Area, expoñense as circunstancias que estanse a dar no Servizo da Policía Local que hacen imprescindible a realización de xornadas de disponibilidad por parte do persoal do mesmo.*

*No mencionado informe solicita a prórroga durante o mes de Xuño do ano 2017 do Acordo Marco para a aplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, (expte. 36255/212), e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas.*

*No citado informe faise referencia as funcións que deben desempeñar os efectivos da Policía Local, segundo a L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade e na Lei 4/07 de Galicia sobre coordinación das policías Locais, , a complexidade que supón a realización das mesmas dada a extensión, intensidade e variedade do noso espazo urbano, os fenómenos modernos de gran concentración de persoas en espazos públicos non ideados para tales fins, a falta de efectivos existente en dito servizo así como o mapa de eventos extraordinarios previstos para o mes de XUÑO 2017.*

*O programa marco aprobado pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 5 de outubro de 2012 recolle única e exclusivamente as circunstancias de realización das posibles xornadas de reforzo que poidan ser levadas a cabo polo persoal do Servizo da Policía Local, non tendo en ningún caso carácter estrutural xa que depende a súa realización das particulares circunstancias do servizo en canto a intervencións a realizar, complexidade dos mesmos, número de efectivos disponibles, etc*

*Ditas circunstancias deberán ser convenientemente reflexadas en cada unha das solicitudes de autorización de xornadas de reforzo que se faga dende o Servizo da Policía Local. Así mesmo a participación no programa de disponibilidad ten carácter voluntario para o persoal do servizo.*

*As xornadas de disponibilidad que poidan realizarse ao longo do mes de XUÑO do ano 2017, dentro da prórroga do Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012 , se corresponderan co obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas e que de ningún xeito teran carácter de estables.*

*O concepto retributivo para o seu aboamento sera o de produtividade , polo que non poderan ser de ningún xeito retribucións de carácter fixo nin periódico.*

*Tal e como se recolle no punto Primeiro do Acordo Marco que se propon prorrogar :*

*“A xefatura da Policía Local solicitará xustificadamente a autorización previa das xornadas de reforzo que sexa necesario realizar en base as previsións das necesidades do servizo e estas serán autorizadas previo informe da Intervención Xeral da existencia de crédito”*

*Polo que a autorización e posterior realización de xornadas de dispoñibilidade sempre estará condicionada as necesidades do servizo debidamente xustificadas e a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 92001500000.*

*Calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades*

*Por parte da Área de Recursos Humanos e Formación, compártese o mencionado nos informes da Intervención Xeral en canto ao aproveitamento dos recursos humanos e as retribucións variables así como o recollido na Disposición adicional setuaxésima primeira, da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012 e no contido do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, que aumentan o tempo de traballo, polo que por parte do Servizo da Policía Local deben adoptarse as medidas oportunas para a redución da realización de xornadas de reforzo por parte do persoal do servizo.*

*En canto aos demais aspectos, remítese aos informes emitidos polos técnicos da Área con respecto aos expedientes 34002/212, 34267/212 e 42906/212, correspondentes a aprobación dos programas de reforzos dos anos 2009, 2010 e 2014 así como en informes anteriores, en canto a necesidade de realización un exhaustivo estudo da organización do servizo en canto a turnos, réxime de descansos, establecemento dos períodos vacacionais e asuntos propios, xornada laboral anual realizada polos diferentes turnos, persoal adscrito as diferentes seccións, réxime horario das distintas quendas, análise do absentismo e da siniestralidade laboral, etc, por si fora necesario realizar axustes nestes parámetros que permitisen optimizar o servizo e que deran lugar a redución das xornadas de reforzo a realizar.*

*Por outra banda a Xunta de Goberno Local, ven aprobando as prórrogas de dito acordo para os meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio, nas súas sesións de datas 30/12/2016, 01/02/2017, 09/03/2017, 12/04/2017 e 02/05/2017, respectivamente.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Emprego Público.*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma, debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*A retribución da realización de xornadas de reforzo realizarase en concepto de produtividade polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións fixas nin periódicas. A apreciación da mesma deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As Bases de execución do Orzamento vixentes contemplan que: no caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fora da xornada laboral, ós efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou disponibilidad, existe un plan aprobado, cuantificando o número de xornadas, coste de cada unha delas e custe total. Se comprobará igualmente que para súa fiscalización se adxunta a certificación do Xefe do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento indepedente, como mínimo a seguinte información: o nome do empleado que executou as horas ou a xornada, o día en que se*

fixo, referencia sucinta as necesidades a cubrir, as horas feitas si se trata de gratificación, ou xornadas si se trata de reforzos.

Por outra banda, no punto terceiro do Acordo Marco - Coste da ampliación das Xornadas de Traballo, se contempla que "O custo máximo anual dos programas de reforzo estará en función das posibilidades orzamentarias así como dos días efectivos de realización. As cantidades contidas no punto segundo actualizaranse, de se-lo caso, segundo o disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado e demais disposicións legais de aplicación.

Os importes de cada xornada, actualizados no ano 2016, segundo as categorías profesionais, serán os seguintes:

| Posto                    | 2016     |
|--------------------------|----------|
| 1º.- Policía:            | 210,74 € |
| 2º.- Oficial:            | 224,41 € |
| 3º.- Inspector :         | 252,25 € |
| 4.- Inspector Principal: | 259,34 € |

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, tendo en conta o expresado no informe que precede e sempre, en tanto en canto, e tal como se recolle no devandito Acordo Marco, exista a debida cobertura orzamentaria suficiente para facer fronte ao custo do programa no vixente orzamento, para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación a Prorroga do programa de reforzos para a Policía Local para o mes de Xuño do ano 2017, e previo informe da Intervención Xeral-, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte proposta de acordo:

1.-Prórrogar durante o mes de XUÑO 2017 o Acordo Marco para a aplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, -expte. 36255/212-, e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

2.- Delegar no Concelleiro da Area de Xestión Municipal a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas

3.- A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e una vez que por parte da Intervención Xeral

sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade).

4.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non teran carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico

5.- Os incrementos sucesivos da plantilla do Corpo da Policía Local que se produzan no futuro, terá que ir acompañado cunha minoración no número e no custo das xornadas de dispoñibilidade a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas.

6.- Os importes a percibir por cada xornada de dispoñibilidade, segundo as categorías profesionais, no mes de XUÑO 2017 serán os mesmos que os :

| Posto                    | 2016     |
|--------------------------|----------|
| 1º.- Policía:            | 210,74 € |
| 2º.- Oficial:            | 224,41 € |
| 3º.- Inspector :         | 252,25 € |
| 4.- Inspector Principal: | 259,34 € |

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(550).- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 30083/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 31/05/17, asinado pola técnica de

avaliación e formación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a secretaria do Goberno local e o concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Ospio, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Servizos Económicos (Inspección Tributos), Cemiterios, Museos, Benestar Social, Normalización Lingüística e Educación.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

No caso dos expedientes 79541-250 e 79739-250, a Comisión de Goberno en data 20/10/2003 acordou recoñecer unha indemnización por importe de 120,20 € mensuais a D. Alfonso Berros Perez, actualmente Xefe da Unidade de Mantemento dos Vías Municipais. Incorpórase en dito expediente relación dos servizos encomendados consistentes no control das obras de mantemento, medición e toma de datos para a redacción de proxectos, subdirección de obras municipais, supervisión de proxectos, informes de expedientes que afectan á vía pública, etc., incluíndo relación de expedientes e localización das obras. Procédese por este servizo de Recursos Humanos a comprobar se proceden ou non deducións do citado importe, polos días nos que o empregado puidera disfrutar de vacacións, asuntos propios, permisos, etc, tal e como se recolle no Acordo citado.

Nos expedientes núm.: 79707, 79730 e 79733-250 de gastos correspondentes a D. Agustín Rodríguez Carballo, para o que, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2000, establécese un importe mensual de 120,02 €. Procédese por este servizo de Recursos Humanos a comprobar se proceden ou non deducións do citado importe, polos días nos que o empregado puidera disfrutar de vacacións, asuntos propios, permisos, etc, tal e como se recolle no Acordo citado.

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular,

e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas xefaturas de Servizo e conformadas polos concelleiros/as-delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por esta área, supón un importe de **12.320,13 €**.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza por D. Amoedo Moreira, José Luis e que remata en D. Codesido Rodríguez, J. Felipe.-:

| Nº Expte.             | Servizo                    | Traballador                 | DNI                     | Nº Pers    | Mes/período              | Importe        |          |
|-----------------------|----------------------------|-----------------------------|-------------------------|------------|--------------------------|----------------|----------|
| 79589-79791/250       | VÍAS E OBRAS               | Amoedo Moreira, José Luis   | 36073079-V              | 22467      | Marzo-abril              | 398,05 €       |          |
| 79219-79588-79794/250 |                            | Cobas Rey, Eugenio          | 36017739-S              | 15467      | Xan-marz-abril           | 683,81 €       |          |
| 79213/250             |                            | Oujo Gerut, Ventura         | 36019537-L              | 17740      | xaneiro                  | 247,38 €       |          |
| 79213-79610-79795/250 |                            | Salgueiro Piñeiro, Benigno  | 36009349-C              | 10694      | Xan-marz-abril           | 525,16 €       |          |
| 79220-79611-79808/250 |                            | Villar Estévez, Raimundo    | 36012815-J              | 11682      | Xan-marz-abril           | 644,29 €       |          |
| 79541-79739/250       |                            | Berros Pérez, Alfonso       | 32873182-H              | 78966      | 4º tri.16-1º tri.17      | 721,20 €       |          |
| 79707-79730-79733/250 |                            | Rodríguez Carballo, Agustín | 35981050-B              | 77170      | 3º e 4º tri.16-1º tri.17 | 1.081,18 €     |          |
| 3391/443              |                            | OSPPIO                      | Ferro Mancho, Angel     | 36072730-J | 79185                    | Xan-marz-abril | 704,90 € |
|                       | Lobato Cameselle, Ricardo  |                             | 35999817-X              | 17489      | Xan-marz-abril           | 684,95 €       |          |
| 3452/443              | Romero Gil-Delgado, Loreto |                             | 36064307-P              | 78929      | Xan-marz-abril           | 755,44 €       |          |
| 3483/443              | Vázquez Rial, Ramón        |                             | 36022874-K              | 13273      | xaneiro                  | 251,94 €       |          |
| 13873-13994-14027/77  | D.L.EMPREGO                | Francisco J. Gutiérrez Orúe | 13894232R               | 13920      | Feb.-mar-abril           | 97,10 €        |          |
| 468-201               | CONSERXERÍA                | Fernández Amil, Fernando    | 36022162-E              | 13706      | Marzo-abril              | 590,14 €       |          |
| 473-201               |                            | Yáñez Rodríguez, Julio      | 36031496-H              | 17822      | Marzo-abril              | 565,44 €       |          |
| 170030025             | MOBILIDADE-SEG.            | Roca Dafonte, José Manuel   | 32429643-B              | 15303      | Marzo-abril              | 280,63 €       |          |
|                       |                            | Rodríguez Caramés, José M.  | 35.547.314-D            | 15355      | Marzo-abril              | 361,76 €       |          |
| 170047673             |                            | Bacelos González, José      | 36023371-N              | 15480      | Marzo-abril              | 309,89 €       |          |
| 34619-502             | SERV.ECONÓM.               | Fragua Jamardo, Vicente     | 36036018-D              | 15510      | Feb.-mar-abril           | 671,98 €       |          |
|                       |                            | Fernández Pedreira, Enrique | 36042726-R              | 11529      | Feb.-mar-abril           | 548,72 €       |          |
| 34769-502             |                            | Comesaña Rial, Manuel       | 36033647-F              | 9550       | Feb.-mar-abril           | 541,69 €       |          |
|                       |                            | Domínguez Vázquez, José M.  | 36006131-E              | 9361       | Feb.-mar-abril           | 534,66 €       |          |
| 34798-502             |                            | González Campelos, Manuel   | 35997315-S              | 23656      | Feb.-mar-abril           | 773,49 €       |          |
| 11089-11129/255       |                            | CEMITERIOS                  | Rodríguez López, Adolfo | 36030284-W | 76430                    | Marzo-abril    | 181,64 € |

| Nº Expte.           | Servizo          | Traballador                     | DNI        | Nº Pers | Mes/período  | Importe                |
|---------------------|------------------|---------------------------------|------------|---------|--------------|------------------------|
| 170028832/170047381 | MUSEOS           | Ballesta De Diego, José Joaquín | 36065836-L | 76439   | Marzo-abril  | 7,60 €                 |
|                     |                  | Egea Torrón, Pilar              | 50806376-C | 18543   | Marzo-abril  | 4,18 €                 |
| 138353-139681/301   | BENESTAR SOCIAL  | Martínez Ramos, Erea            | 36157793-E | 79557   | Feb.-marzo   | 4,14 €                 |
| 2220/334            | NORM.LINGUISTICA | Souto González, Marta Patricia  | 36054893   | 23840   | Xan-feb-marz | 46,93 €                |
| 170070717           | EDUCACIÓN        | Codesido Rodríguez, J. Felipe   | 36081823-K | 19399   | xaneiro      | 101,84 €               |
| <b>TOTAL</b>        |                  |                                 |            |         |              | <b><u>12320,13</u></b> |

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 32 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" e aplicación 337.1.23020000 "Dietas do persoal" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

*Secretario: D<sup>a</sup> María del Carmen Pintado García, técnica de administración xeral deste Concello.*

*Vogais: D. Carlos Ordóñez Pérez, suboficial do Servizo de Extinción de Incendios.  
D. Félix José López Landesa, cabo do Servizo de Extinción de Incendios.  
D. Ezequiel Fernández Carpintero, técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos.  
D. Bruno de Sousa Díaz, bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios.*

*Rematado e superado polos cinco funcionarios en prácticas o curso teórico-práctico previsto na Base Sétima das específicas de Bombeiro, a Secretaria da Comisión Especial de Valoración remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros da referida Comisión de Valoración.*

*A referida certificación importa un total de 651,73 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:*

*D. Guillermo Domínguez López, presidente, (nº. persoal 18520), con DNI nº 36.055.258-K, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.*

*D<sup>a</sup>. Carmen Pintado García, secretaria, (nº persoal 15148), con DNI nº 36.024.191-G, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.*

*D. Carlos Ordóñez Pérez, vogal (nº de persoal 14025), con DNI nº 36.018.158-C, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.*

*D. Félix José López Landesa, vogal (nº de persoal 14090), con DNI nº 36.033.830-Y, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.*

*D. Ezequiel Fernández Carpintero, vogal, (núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importan un total de 119,34 €.*

*D. Bruno de Sousa Díaz, vogal, (núm. persoal 81948), con DNI nº 36.141.763-T, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.*

*Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para para a provisión en propiedade de catro prazas de Bombeiro correspondente á OEP 2010-2011 (2ª fase) e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“Compromete-lo gasto de 651,73 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:*

*D. Guillermo Domínguez López, presidente, (nº. persoal 18520), con DNI nº 36.055.258-K, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.*

*D<sup>a</sup>. Carmen Pintado García, secretaria, (nº persoal 15148), con DNI nº 36.024.191-G, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.*

*D. Carlos Ordóñez Pérez, vogal (nº de persoal 14025), con DNI nº 36.018.158-C, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.*

*D. Félix José López Landesa, vogal (nº de persoal 14090), con DNI nº 36.033.830-Y, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.*

*D. Ezequiel Fernández Carpintero, vogal, (núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importan un total de 119,34 €.*

*D. Bruno de Sousa Díaz, vogal, (núm. persoal 81948), con DNI nº 36.141.763-T, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €."*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(557).- DIETAS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA PROPOSTA DE NO-MEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DE UNHA PRAZA DE CABO SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS, OEP 2010-211. EXPTE. 29926/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 6/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 8/05/17, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases xerais reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 240 de 18/12/2012), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 23407/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.*

*Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 27309/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.*

*Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos*

rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

De conformidade co previsto na Base Décimo Cuarta das Xerais e Sétima das Específicas que rexeron o proceso selectivo para prover en propiedade unha praza de Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, o aspirante aprobado achegou a documentación preceptiva e foi nomeados funcionario en prácticas, tomando posesión con data 15/12/2016, e quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionario de carreira a que supere o curso teórico-práctico contemplado na Base Sétima das específicas da convocatoria. Así, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ditou instrución con data 2 de xaneiro de 2017 propoñendo a composición da Comisión Especial de Valoración do curso teórico-práctico e por resolución da mesma data constitúese a dita Comisión Especial de Valoración encargada de efectuar a proposta de nomeamento do funcionario de carreira, Cabo do Servizo de Extinción de Incendios unha vez superado o dito curso, estando integrada polos seguintes membros:

Presidente: D. Guillermo Domínguez López, oficial subxefe do Servizo de Extinción de Incendios  
Secretario: D. Gustavo Rodríguez Bartol, técnico de administración xeral deste Concello.  
Vogais: D. Carlos Ordóñez Pérez, suboficial do Servizo de Extinción de Incendios.  
D. Ezequiel Fernández Carpintero, técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos.  
D<sup>a</sup>. Laura Montemuíño Lago, auxiliar de administración xeral deste concello.

Rematado e superado polo funcionario en prácticas o curso teórico-práctico previsto na Base Sétima das específicas de Cabo SEIS, o Secretario da Comisión Especial de Valoración remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros da referida Comisión de Valoración.

A referida certificación importa un total de 410,00 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. Guillermo Domínguez López, presidente, (nº. persoal 18520), con DNI nº 36.055.258-K, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.

D. Gustavo Rodríguez Bartol, secretario, (nº persoal 22421), con DNI nº 36.062.060-S, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.

D. Carlos Ordóñez Pérez, vogal (nº de persoal 14025), con DNI nº 36.018.158-C, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, vogal, (núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

D. Bruno de Sousa Díaz, vogal, (núm. persoal 81948), con DNI nº 36.141.763-T, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano

de selección encargado de xulgar as probas selectivas para para a provisión en propiedade de unha praza de Cabo SEIS correspondente á OEP 2010-2011 (2ª fase) e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

*“Compromete-lo gasto de 410,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:*

*D. Guillermo Domínguez López, presidente, (nº. persoal 18520), con DNI nº 36.055.258-K, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.*

*D. Gustavo Rodríguez Bartol, secretario, (nº persoal 22421), con DNI nº 36.062.060-S, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.*

*D. Carlos Ordóñez Pérez, vogal (nº de persoal 14025), con DNI nº 36.018.158-C, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.*

*D. Ezequiel Fernández Carpintero, vogal, (núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.*

*D. Bruno de Sousa Díaz, vogal, (núm. persoal 81948), con DNI nº 36.141.763-T, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(558).- DIETAS COMISIÓN VALORACIÓN PARA PROPOSTA NOMEAMENTO FUNCIONARIO DE CARREIRA DUNHA PRAZA DE CONDUCTOR BOMBEIRO, OEP 2010-2011. EXPTE. 29945/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 6/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 8/05/17, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases xerais reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 240 de 18/12/2012), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 23407/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.*

*Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 27309/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.*

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

De conformidade co previsto na Base Décimo Cuarta das Xerais e Sétima das Específicas que rexeron o proceso selectivo para prover en propiedade unha praza de Conductor-Bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, o aspirante aprobado achegou a documentación preceptiva e foi nomeado funcionario en prácticas, tomando posesión con data 02/01/2017, e quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionario de carreira a que supere o curso teórico-práctico contemplado na Base Sétima das específicas da convocatoria. Así, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ditou instrución con data 2 de xaneiro de 2017 propoñendo a composición da Comisión Especial de Valoración do curso teórico-práctico e por resolución da mesma data constitúese a dita Comisión Especial de Valoración encargada de efectuar a proposta de nomeamento do funcionario de carreira con cargo á praza de Conductor-Bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios unha vez superado o dito curso, estando integrada polos seguintes membros:

Presidente: D. Guillermo Domínguez López, oficial subxefe do Servizo de Extinción de Incendios  
Secretario: D. Manuel A. Córdoba Ardao, técnico de administración xeral deste Concello.  
Vogais: D. Félix José López Landesa, cabo do Servizo de Extinción de Incendios.  
D. Rafael Moledo Alonso, suboficial do Servizo de Extinción de Incendios.  
D. Ezequiel Fernández Carpintero, técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos.  
D. Jose A. Villar Comesaña, cabo do Servizo de Extinción de Incendios.

Rematado e superado polo funcionario en prácticas o curso teórico-práctico previsto na Base Sétima das específicas de Conductor-Bombeiro, o Secretario da Comisión Especial de Valoración remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros da referida Comisión de Valoración.

A referida certificación importa un total de 489,56 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. Guillermo Domínguez López, presidente, (nº. persoal 18520), con DNI nº 36.055.258-K, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.

D. Manuel A. Córdoba Ardao, secretario, (nº persoal 76266), con DNI nº 36.077.543-L, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.

D. Rafael Moledo Alonso, vogal (nº de persoal 20899), con DNI nº 36.105.623-Q, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

D. Félix José López Landesa, vogal (nº de persoal 14090), con DNI nº 36.033.830-Y, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

*D. Ezequiel Fernández Carpintero, vogal, (núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importan un total de 79,56 €.*

*D. José A. Villar Comesaña, vogal, (núm. persoal 21380), con DNI nº 36.066.904-Y, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.*

*Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de vulgar as probas selectivas para para a provisión en propiedade de catro prazas de Bombeiro correspondente á OEP 2010-2011 (2ª fase) e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“Compromete-lo gasto de 489,56 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:*

*D. Guillermo Domínguez López, presidente, (nº. persoal 18520), con DNI nº 36.055.258-K, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.*

*D. Manuel A. Córdoba Ardao, secretario, (nº persoal 76266), con DNI nº 36.077.543-L, dúas asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.*

*D. Rafael Moledo Alonso, vogal (nº de persoal 20899), con DNI nº 36.105.623-Q, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.*

*D. Félix José López Landesa, vogal (nº de persoal 14090), con DNI nº 36.033.830-Y, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.*

*D. Ezequiel Fernández Carpintero, vogal, (núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importan un total de 79,56 €.*

*D. José A. Villar Comesaña, vogal, (núm. persoal 21380), con DNI nº 36.066.904-Y, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(559).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ACORDO DE ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIONS A FUNCIONARIA MUNICIPAL (Nº PERSOAL 19258). EXPTE. 29027/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 6/06/17, asinado xefa da Área de Recursos humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

1.-Por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/1/2017 foi efectuada atribución temporal de funcións á funcionaria municipal D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, con nº de persoal 19.658.

2.- Mediante instrucción de servizo de data de sinatura electrónica, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordea á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos tramites administrativos necesarios para a modificación da atribución temporal de funcións á funcionaria municipal D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (nº de persoal 19.258) técnica de relacións públicas, adscrita ao posto de traballo de Xefa de Relacións Fomento do Emprego, indicando que "as necesidades da Excma. Alcaldía no exercicio das funcións institucionais legalmente asignadas ao dito órgano municipal demandan a modificación do contido da atribución efectuada, incorporando a prestación de funcións de dirección e apoio de apoio técnico ao Alcalde nos ámbitos materiais seguintes, sen exhaustividade no listado:

- Fundación Provigo,
- Eixo Atlántico,
- Comité Europeo das Rexións,
- Rede de Cidades polo Clima,
- Candidatura das Illas Cíes ao Patrimonio da Humanidade,
- Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)
- Calquera outro ámbito material relacionado coa actividade institucional da Excma. Alcaldía que lle sexa encomendado.

Motivadas polo incremento da actividade municipal, redundará nun necesario rendemento extraordinario da funcionaria indicada, nunha especial dedicación, unha maior disponibilidades horaria, así como nun aumento exponencial da súa carga de traballo e responsabilidades de planificación e supervisión.

Este rendemento extraordinario, así como o grao de cumprimento das funcións encomendadas, será estimado mediante informe de avaliación, no que se especificará a cantidade de traballo realizado con arreglo aos indicadores de rendemento que se establezan, con carácter porcentual ou segundo o grao de participación na actividade asignada (número de reunións, número de sesións de traballo, grao de participación na actividade e axenda institucional da Excma. Alcaldía, etc.) de xeito tal que se retribuirá a produtividade tomando como marco obxectivo de referencia o complemento específico 615, en relación co contido funcional do seu posto, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo.

Vistas as circunstancias anteriores, e no uso das competencias que ostento por delegación da Excma. Alcaldía e da Xunta de Goberno Local, contidas en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016, así como en acordos da Xunta de Goberno Local de mesmas datas, ordénase que se proceda á realización dos trámites necesarios e á emisións dos preceptivos informes a efectos de:

- Atribuir provisionalmente á funcionaria de carreira D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (nº persoal 19.258, Xefa de Relacións Fomento do Emprego, adscrita á Alcaldía) as funcións de apoio técnico en materia institucional á Excma. Alcaldía do Concello de Vigo, nos ámbitos materiais seguintes, sen exhaustividade no listado:
  - Fundación Provigo,

- Eixo Atlántico,
  - Comité Europeo das Rexións,
  - Rede de Cidades polo Clima,
  - Candidatura das Illas Cíes ao Patrimonio da Humanidade,
  - Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)
  - Calquera outro ámbito material relacionado coa actividade institucional da Excma. Alcaldía que lle sexa encomendado.
- Dispoñer que a dita atribución devengará un complemento de produtividade polas funcións e responsabilidades que se lle asignan, así como polo incremento obxectivo da actividade municipal, derivada do apoio ao Alcalde da cidade, tomando como marco obxectivo de referencia o complemento específico 615, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.

A atribución temporal de funcións que se realice terá carácter estritamente provisional ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior ou ben racionalización de estruturas internas ou calquera reorganización interna.”

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.-MARCO LEGAL DA ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS DISTINTAS ÁS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS.

O artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen, e sen merma das retribucións.

Pola súa natureza e configuración, a atribución temporal de funcións constitúe un instrumento de xestión de recursos humanos, de carácter estritamente provisional, de xeito tal que permita dar solucións provisionais a situacións transitorias. No presente suposto, a duración da atribución proposta ten por obxecto permitir a normal xestión técnica das relacións institucionais a desenvolver pola Excma. Alcaldía, e a súa duración será ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, podendo ser deixada sen efecto en calquera momento por acto administrativo en senso contrario, e tendo en todo caso unha vixencia temporal limitada, dado o seu carácter e esencia provisionais.

### II.- MOTIVACIÓN DA ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS OBXECTO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO.

Na instrución do servizo de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente figura motivación suficiente das necesidades apreciadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal na prestación do servizo en canto á xestión das incidencias propias da Excma. Alcaldía e Presidencia da Corporación, no xeito que de seguido se indica:

*“Por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/1/2017 foi efectuada atribución temporal de funcións á funcionaria municipal D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, con nº de persoal 19.658.*

*As necesidades da Excm. Alcaldía no exercicio das funcións institucionais legalmente asignadas ao dito órgano municipal demandan a modificación do contido da atribución efectuada, incorporando a prestación de apoio técnico ao Alcalde nos ámbitos materiais seguintes, sen exhaustividade no listado:*

- Fundación Provigo,*
- Eixo Atlántico,*
- Comité Europeo das Rexións,*
- Rede de Cidades polo Clima,*
- Candidatura das Illas Cíes ao Patrimonio da Humanidade,*
- Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)*
- Calquera outro ámbito material relacionado coa actividade institucional da Excm. Alcaldía que lle sexa encomendado.*

*Motivadas polo incremento da actividade municipal, redundará nun necesario rendemento extraordinario da funcionaria indicada, nunha especial dedicación, unha maior disponibilidade horaria, así como nun aumento exponencial da súa carga de traballo e responsabilidades de planificación e supervisión.*

*Este rendemento extraordinario, así como o grao de cumprimento das funcións encomendadas, será estimado mediante informe de avaliación, no que se especificará a cantidade de traballo realizado con arreglo aos indicadores de rendemento que se establezan, con carácter porcentual ou segundo o grao de participación na actividade asignada (número de reunións, número de sesións de traballo, grao de participación na actividade e axenda institucional da Excm. Alcaldía, etc.) de xeito tal que se retribuirá a produtividade tomando como marco obxectivo de referencia o complemento específico 615, en relación co contido funcional do seu posto, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo.*

*Vistas as circunstancias anteriores, e no uso das competencias que ostento por delegación da Excm. Alcaldía e da Xunta de Goberno Local, contidas en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016, así como en acordos da Xunta de Goberno Local de mesmas datas, ordénase que se proceda á realización dos trámites necesarios e á emisións dos preceptivos informes a efectos de:*

- Atribuir provisionalmente á funcionaria de carreira D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (nº persoal 19.258, Xefa de Relacións Fomento do Emprego, adscrita á Alcaldía) as funcións de funcións de apoio técnico en materia institucional á Excm. Alcaldía do Concello de Vigo, nos ámbitos materiais seguintes, sen exhaustividade no listado:*
- Fundación Provigo,*
- Eixo Atlántico,*
- Comité Europeo das Rexións,*
- Rede de Cidades polo Clima,*
- Candidatura das Illas Cíes ao Patrimonio da Humanidade,*
- Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)*
- Calquera outro ámbito material relacionado coa actividade institucional da Excm. Alcaldía que lle sexa encomendado.*

- *Dispoñer que a dita atribución devengará un complemento de produtividade polas funcións e responsabilidades que se lle asignan, así como polo incremento obxectivo da actividade municipal, derivada do apoio ao Alcalde da cidade, tomando como marco obxectivo de referencia o complemento específico 615, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidade horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.*
- *A atribución temporal de funcións que se realice terá carácter estritamente provisional ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior ou ben racionalización de estruturas internas ou calquera reorganización interna.”*

### III.- CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE TITULACIÓN.

Consta no expediente persoal da funcionaria proposta a titulación universitaria de Licenciada en Dereito, Licenciada en Filoloxía Inglesa, Master universitario en dereitos fundamentais, e igualmente constan acreditado o curso de Directivo.

Adicionalmente, a funcionaria proposta é funcionaria de carreira do Concello de Vigo, con praza de técnico de relacións públicas, subgrupo A2 de titulación, figurando adscrita a unha Xefatura (Xefatura de Relacións de Fomento do Emprego) na cal se desenvolven relacións interinstitucionais con outras Administracións Públicas e entidades do sector público, polo cal non existiría impedimento legal para a atribución temporal e provisional de funcións inherentes ao subgrupo A1 de titulación (Técnico/a de Administración Xeral e/ou responsable de relacións institucionais) ao dispoñer da titulación de Licenciado/a en Dereito, segundo a documentación obrante no expediente administrativo.

Segundo as vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo anexas á RPT e aprobadas pola Xunta de Goberno Local, as xefaturas dos servizos teñen asignadas funcións de dirección, planificación e coordinación administrativa da actividades dos servizos ao seu cargo; funcións de dirección que non deben ser confundidas coas funcións directivas públicas profesionais, propias dos órganos directivos, que *ex lege* están reservadas -coa excepción prevista no teor literal do precepto- a funcionarios de carreira encadrados no subgrupo A1 de titulación, segundo o establecido no artigo 130.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que sinala que:

*“El nombramiento de los coordinadores generales y de los directores generales, atendiendo a criterios de competencia profesional y experiencia deberá efectuarse entre funcionarios de carrera del Estado, de las Comunidades Autónomas, de las Entidades Locales o con habilitación de carácter nacional que pertenezcan a cuerpos o escalas clasificados en el subgrupo A1, salvo que el Reglamento Orgánico Municipal permita que, en atención a las características específicas de las funciones de tales órganos directivos, su titular no reúna dicha condición de funcionario.”*

### IV.- INCIDENCIA ECONÓMICA E OBRIGATORIO SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico; non obstante, e de conformidade co disposto no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, podería eventualmente xenerar devengos retributivos posteriores en concepto de produtividade -de acreditarse o rendemento e a realización efectiva e satisfactoria das funcións que temporalmente se atribúen-. Por tal motivo, remítese á preceptiva fiscalización previa do gasto.

Unha vez acreditado o desempeño efectivo das funcións, será nun expediente administrativo posterior no cal se determinen os criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade que se outorgue corresponderíase con recollidos nas Bases de Execucións dos Orzamentos Municipais que correspondan así nos instrumentos internos de xestión de recursos humanos (instrucións de plantilla ou documento equivalente).

Nas vixentes instrucións sobre plantilla (instrución terceira *in fine*) establécese expresamente que calquera outorgamento de produtividade que non traia causa dos apartados especificamente establecidos na mesma requirirán da previa aprobación pola Xunta de Goberno Local; por tanto, e con carácter previo á aprobación do complemento de produtividade que eventualmente se outorgue, deberán ser aprobados os criterios para a asignación do complemento indicado, que será estimado mediante informe de avaliación, no que se especificará a cantidade de traballo realizado con arreglo aos indicadores de rendemento que se establezan, con carácter porcentual ou segundo o grao de participación na actividade asignada (número de reunións, número de sesións de traballo, etc.) do contido funcional do seu posto, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo.

## VI.- PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA O DEVENGO DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE

Como parámetros obxectivos para o devengo e conseguinte outorgamento dun complemento de produtividade, de proceder e de ser o caso, e sen prexuízo da complexidade de medición dos mesmos -dado o carácter eminentemente institucional das funcións a encomendar, sendo moitas delas encadrables dentro das funcións de xefatura asignadas aos postos superiores existentes na xerarquía organizativa interna do Concello de Vigo- estímase necesario o establecemento dos seguintes:

- 1.- Porcentaxe de exceso de xornada mensual realizado e verificable nos sistemas de control de presenza horaria e/ou mediante informe da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.
- 2.- Grao de participación nos asuntos xestionados na Excma. Alcaldía relacionados coa actividade institucional da Excma. Alcaldía, medibles segundo os sistemas informáticos de xestión de expedientes.
- 3.- Grao de participación na actividade institucional e na axenda de actividade da Excma. Alcaldía-Presidencia en relación co ámbito material concreto.
- 4.- Número de reunións e/ou sesións de traballo realizadas mensualmente, dentro e fora do Concello, relacionadas coas funcións encomendadas.
- 5.- Porcentaxe de traballo desempeñado mensualmente susceptible de ser concretado en actividade de colaboración interinstitucional de apoio á Excma. Alcaldía de Vigo no ámbito material concreto.

6.- Número de documentos, memorias, documentos de carácter estratéxico e demais actividade administrativa de carácter técnico que mensualmente se elaboren a solicitude da Excm. Alcaldía-Presidencia ou da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

Segundo a orde do servizo do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, deberá tomarse como marco obxectivo de referencia mensual o importe do complemento específico 615, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.

A estes efectos, déixase constancia de que o criterio interno existente na Área de Recursos Humanos e Formación é o de non autorizar encomendas ou atribucións temporais de funcións propias de postos en máis de 1 escalón superior; criterio que no presente suposto se cumpre efectivamente, toda vez que a funcionaria proposta pertence ao subgrupo A2 de titulación, figurando adscrita a unha xefatura de servizo, e as funcións que se lle atribúen forman parte do feixe funcional do posto de traballo inmediatamente superior na xerarquía organizativa interna do Concello de Vigo, que ten como complemento específico o código retributivo 615.

Dada a vixencia anual do exercicio orzamentario, o límite temporal da presente atribución debe ser o 31/12/2017, vinculada á duración do exercicio orzamentario, sen prexuízo de que polo órgano municipal competente se estime oportuna e necesaria a autorización dunha nova atribución funcional transcorrida esa data.

#### VI.- COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 e 31/12/2016, a proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

#### VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Modificar a atribución temporal de funcións efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/01/2017 á funcionaria de carreira D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (n<sup>o</sup> persoal 19.258, Xefa de Relacións Fomento do Emprego, adscrita á Alcaldía) nos termos da instrución do servizo asinada electrónicamente polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, dispoñendo atribuír provisionalmente á funcionaria de carreira D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (n<sup>o</sup> persoal 19.258, Xefa de Relacións Fomento do Emprego, adscrita á Alcaldía) as funcións de dirección e funcións de apoio técnico en materia institucional á Excm. Alcaldía do Concello de Vigo, nos ámbitos materiais seguintes, sen exhaustividade no listado:

- Fundación Provigo,
- Eixo Atlántico,
- Comité Europeo das Rexións,
- Rede de Cidades polo Clima,
- Candidatura das Illas Cíes ao Patrimonio da Humanidade,
- Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)
- Calquera outro ámbito material relacionado coa actividade institucional da Excma. Alcaldía que lle sexa encomendado.

SEGUNDO.- Aprobar, como parámetros obxectivos para o outorgamento dun complemento de produtividade, de proceder e de ser o caso, os seguintes:

- 1.- Porcentaxe de exceso de xornada mensual realizado e verificable nos sistemas de control de presenza horaria e/ou mediante informe da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.
- 2.- Grao de participación nos asuntos xestionados na Excma. Alcaldía relacionados coa actividade institucional da Excma. Alcaldía, medibles segundo os sistemas informáticos de xestión de expedientes.
- 3.- Grao de participación na actividade institucional e na axenda de actividade da Excma. Alcaldía-Presidencia en relación co ámbito material concreto.
- 4.- Número de reunións e/ou sesións de traballo realizadas mensualmente, dentro e fora do Concello, relacionadas coas funcións encomendadas.
- 5.- Porcentaxe de traballo desempeñado mensualmente susceptible de ser concretado en actividade de colaboración interinstitucional de apoio á Excma. Alcaldía de Vigo no ámbito material concreto.
- 6.- Número de documentos, memorias, documentos de carácter estratéxico e demais actividade administrativa de carácter técnico que mensualmente se elaboren a solicitude da Excma. Alcaldía-Presidencia ou da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

TERCEIRO.- Dispoñer que a dita atribución devengará un complemento de produtividade polas funcións que se lle asignan, así como polo incremento obxectivo da actividade municipal, tomando como marco obxectivo de referencia mensual o complemento específico 615, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.

CUARTO.- Dispoñer que a atribución temporal de funcións que se realice terá carácter estritamente provisional ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior ou ben racionalización de estruturas, ou calquera reorganización interna, e en todo caso, o 31/12/2017, vinculada á duración do exercicio orzamentario."

QUINTO.- Notificar a presente aos interesados/as, concelleiros/a-delegados/a da Área, Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno e Administración Municipal); Interventor Xeral e Viceinterventor Adxunto, Municipal, Tesoureiro Municipal, Titular da Asesoría Xurídica

Municipal, xefaturas de Área do Concello de Vigo, Presidente do Comité de Persoal e Excma. Alcaldía (Gabinete) para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(560).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITAN O NOMEAMENTO INTERINO PREVISTO NO ART. 10.1 DO RDLEX. 5/2015, COMO TÉCNICO/A MEDIO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 30072/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 6/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 1/06/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Área de Normalización Lingüística conta cun alto volume de actividade debido non so ao incremento do traballo ordinario se non tamén a realización de diferentes tarefas extraordinarios; así, actualmente, programas como “Vigo literario” move máis de 1.000 persoas en paseos literarios pola cidade e ría. Actividades como “Unha lección de cine achéganlle o cine”, como ferramenta educativa e normalizadora da lingua galega, a máis de 2.500 nenos e nenas. O programa “No verán... un conto” nesta edición de 2017 contará con máis de 60 actividades repartidas por todo o municipio. Unha nova edición de “No Nadal... un conto” repartirá este mesmo volume de actividades dinamizadoras da lingua galega. Unha nova programación do CIOV leva este ano 2017, a termos cursos de narración oral, en verso e prosa, de teatro improvisado, de contadas con lingua de signos, de slam... A súa programación dinamizadora achega actividades a centros escolares, escolas infantís, asociacións veciñais, de comerciantes...

II.- O novo proxecto dirixido aos máis cativos, con actividades dinamizadoras, cantigas, xogos, poemas... que seguirá neste outono de 2017. A programación das festas cíclicas leva Os Maíos, O Merdeiro, O San Xoán, O Samaín, O magosto, O Nadal ás parroquias viguesas con actividades, charlas, percorridos...

III.- A toponimia, dada a grande demanda de información, consultas, solicitude de libros, e no ámbito interno de expedientes para nomear rúas, avenidas, ámbitos -como na actualidade, toda a toponimia da área do Resio en Coia- é outros dos ámbitos do labor desta concellaría que require moito tempo e dedicación: investigar, consultar documentación, visitar arquivos, entrevistar veciñanza, acudir a Planeamento e Estatística... ..

**IV.-** O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 29 de maio de 2017, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Técnico Medio de Normalización Lingüística, á maior brevidade. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

**V.-** En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que

desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**II.-** Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É mester como requisitos específicos para o desempeño do posto de traballo de:

- Técnico Medio de Normalización Lingüística, subgrupo A2: Grao en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (sección galego-portugués), Lingua e Literatura Galegas ou equivalentes sempre que tamén se posúa o certificado de lingua galega do nivel 5. Todo elo se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismo estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

Como requisitos xerais para o acceso contéplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

**III.-** En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

*“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.*

*2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.*

*3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”*

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

*“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.*

*2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:*

- a) El personal de elección o de designación política.*
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) El personal eventual.*

- *d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

*3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.*

*4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.*

*5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.*

*6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.*

*7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”*

Así mismo, o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Segundo reflicte o presente informe, o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) e o Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV) xeran unha actividade que crece no día a día. Actividade que medra, visitas ao SNL (consulta de dúbidas, correccións, alumnado no CIOV, participantes nas actividades...), que van en aumento, mais que non se ven correspondido co precisado aumento -asemade- de persoal para esta concellaría. Actualmente, programas como Vigo literario move máis de 1.000 persoas en paseos literarios pola cidade e ría. Actividades como “Unha lección de cine achéganlle o cine”, como ferramenta educativa e normalizadora da lingua galega, a máis de 2.500 nenos e nenas. O programa “No verán... un conto” nesta edición de 2017 contará con máis de 60 actividades repartidas por todo o municipio. Unha nova edición de “No Nadal... un conto” repartirá este mesmo volume de actividades dinamizadoras da lingua galega. Unha nova programación do CIOV leva este ano 2017, a termos cursos de narración oral, en verso e prosa, de teatro improvisado, de contadas con lingua de signos, de slam... A súa programación dinamizadora achega actividades a centros escolares, escolas infantís, asociacións veciñais, de comerciantes...

A programación da oferta para termos máis coñecementos da lingua galega creceu este ano en máis do 150 % en novos cursos de galego (niveis 0 ,1) e de ferramentas lingüísticas. A oferta de cursos de escrita creativa medrou tamén este ano, e achegamos tamén -e con grande éxito de participación- para nenos e nenas. As actividades dirixidas ao alumnado nos propios centros de ensino son cada vez máis demandadas pola comunidade educativa. Como exemplo citamos os obradoiros de regueifas con máis de 2.000 nenos e nenas, e os

certames con 1.000 participantes. Encetamos un novo proxecto dirixido aos máis cativos e cativos coas actividades dinamizadoras, cantigas, xogos, poemas... que seguirá neste outono de 2017. A programación das festas cíclicas leva Os Maios, O Merdeiro, O San Xoán, O Samaín, O magosto, O Nadal ás parroquias viguesas con actividades, charlas, percorridos... A toponimia, dada a grande demanda de información, consultas, solicitude de libros, e no ámbito interno de expedientes para nomear rúas, avenidas, ámbitos -como na actualidade, toda a toponimia da área do Resio en Coia- é outros dos ámbitos do labor desta concellaría que require moito tempo e dedicación: investigar, consultar documentación, visitar arquivos, entrevistar veciñanza, acudir a Planeamento e Estatística...; queda así debidamente xustificada a procedencia da convocatoria pública dos procesos selectivos que permitan os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1.c) do TREBEP (un Técnico Medio de Normalización Lingüística, subgrupo A2), sería necesario a aprobación das presentes bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita o seu nomeamento.

**V.-** Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio de aquela a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

**Primeiro.-** Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Técnico Medio de Normalización Lingüística, subgrupo A2, e que forman parte inseparable como ANEXO UN do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

**Segundo.-** Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Técnico Medio de Normalización Lingüística, subgrupo A2, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO UN do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

**Terceiro.-** Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 19 de xuño do 2015.”

**Carto.-** Notificar o presente acordo ao Servizo de Normalización Lingüística, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO UN**

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITAN OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, COMO TECNICO MEDIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SUBGRUPO A2). Expte. 30072/220)

### **I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de Técnico Medio de Normalización Lingüística, subgrupo A2, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

### **II.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL**

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título de Grao en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (sección galego-portugués), Lingua e Literatura Galegas ou equivalentes sempre que tamén se posúa o certificado de lingua galega do nivel 5.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de

discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

### **III.-SISTEMA DE SELECCION**

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

### **IV.-FASE DE OPOSICIÓN**

**EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:**

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito no tempo máximo dunha hora e media, tres temas elixidos ó chou mediante sorteo público, que se celebrará polo órgano de selección en presenza dos aspirantes, correspondentes co temario anexo ás presentes bases, dos cales un tema corresponderá á parte xeral do temario e os dous restantes á parte específica.

Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido.

Na presente proba avaliarase tanto o volume de coñecementos dos/das aspirantes, a facilidade de exposición escrita, así como a capacidade de relación conceptual e de síntese nas conclusións e razoamentos.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de unha hora e media, de un suposto teórico-práctico que determinará o órgano de selección, inmediatamente antes do comenzo do exercicio, relacionados coas materias que integran o programa específico das bases da convocatoria, relativos as tarefas propias da praza cuxa provisión se pretende.

Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido.

Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio. Consistirá nun prazo máximo dunha hora, na corrección ou redacción dun texto (redacción administrativa).

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o recinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

## V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitud** dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **20 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental").

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitud noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitud a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico [ofi.persoal@vigo.org](mailto:ofi.persoal@vigo.org).

## VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

## VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida

para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a Técnico do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado no subgrupo A1 ou A2.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na paxina web do concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou seu organismo autónomo, ou de outras Administracións Públicas, encadrado/a no subgrupo A1 ou A2 de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Área de Recursos Humanos e Formación deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

#### **IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS**

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades*

*contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

## **VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

## **IX.- INCIDENCIAS**

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

## **X.- RÉXIME XURÍDICO**

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

## **TEMARIOS**

### **A) TEMARIO XERAL**

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- Dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e análise do seu contido.
- Tema 4.- As institucións da Unión Europea. Órganos executivos e os seus poderes: o Consello de Ministros, a Comisión e o Parlamento Europeo. O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.
- Tema 5.- O ordenamento xurídico comunitario: as súas fontes. Relación co dereito interno dos Estados. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.
- Tema 6.- A lei. Concepto e caracteres. As leis estatais no sistema español. Normas do Goberno con forza de lei. Os tratados internacionais como normas de dereito interno.
- Tema 7.- O regulamento: concepto e clases. Procedemento de elaboración. Límites da potestade regulamentaria. Principio de inderogabilidade singular de regulamentos.
- Tema 8.- O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos: competencia, contido, motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. Obriga de resolver e silencio administrativo.
- Tema 9.- Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. A revisión de oficio e a declaración de lesividade.
- Tema 10.- Os recursos administrativos. A execución dos actos administrativos: motivos da súa suspensión.

### **B) TEMARIO ESPECÍFICO**

- Tema 1.- A lingua galega. Normalización e normativización da lingua galega.
- Tema 2.- O galego hoxe; o estándar e as variedades. Problemas e avances da estandarización do galego.
- Tema 3.- Interferencias lingüísticas na lingua galega.
- Tema 4.- As gramáticas e os dicionarios galegos. Tipos de dicionarios e usos.
- Tema 5.- Promoción institucional da lingua galega. O galego no exterior.
- Tema 6.- Situación sociolingüística do idioma galego.

- Tema 7.- Usos e actitudes lingüísticas. Competencia lingüística e lingua inicial.
- Tema 8.- Bilingüismo, diglosia e conflito lingüístico. A situación galega.
- Tema 9.- Lealdade lingüística, cambio lingüístico, prestixio e promoción social da lingua.
- Tema 10.- Situación sociolingüística no concello de Vigo.
- Tema 11.- A política lingüística en Galicia.
- Tema 12.- Actores da política lingüística: institucións, organismos públicos e privados, organizacións sociais. Intervención e participación.
- Tema 13.- Incorporación da lingua galega ás administracións públicas. Desenvolvemento da política lingüística na administración autonómica, provincial e local.
- Tema 14.- A lexislación lingüística en Galicia.
- Tema 15.- A lexislación lingüística na función pública.
- Tema 16.- Os perfís lingüísticos. Deseño de programas de formación segundoos perfís lingüísticos.
- Tema 17.- Dereitos e deberes lingüísticos.
- Tema 18.- A Lei de normalización lingüística.
- Tema 19.- A toponimia galega. Accións e problemática para a recuperación da toponimia e a súa difusión.
- Tema 20.- Normativa lingüística no ámbito local no concello de Vigo.
- Tema 21.- Normalización lingüística. Liñas xerais no proceso de normalización lingüística.
- Tema 22.- Definición e obxectivos da planificación lingüística.
- Tema 23.- A dinamización lingüística. Definición e obxectivos da dinamización lingüística.
- Tema 24.- Os plans de dinamización lingüística. Criterios de elaboración dun plan de dinamización lingüística.
- Tema 25.- O Plan xeral de dinamización lingüística.
- Tema 26.- Os servizos lingüísticos. Definición, organización e funcións.
- Tema 27.- Os servizos de normalización lingüística. Definición, organización e funcións.
- Tema 28.- A normalización lingüística no ámbito da administración pública.
- Tema 29.- A normalización lingüística no ámbito da administración local. A intervención dende os concellos.
- Tema 30.- Dinamización lingüística e promoción da lingua desde un SNL.
- Tema 31.- Política e planificación lingüística no Concello de Vigo.
- Tema 32.- O *Plan de dinamización lingüística* do Concello de Vigo.
- Tema 33.- Deseño de actividades normalizadoras e campañas de sensibilización dende a administración local.
- Tema 34.- Intervención normalizadora do Concello de Vigo.
- Tema 35.- O galego e as TIC.
- Tema 36.- Recursos en rede para a normalización do idioma galego.
- Tema 37.- Liñas xerais do proceso de normalización lingüística no ámbito educativo.
- Tema 38.- Liñas xerais do proceso de normalización lingüística nos ámbitos socioeconómico, institucional e da comunicación.
- Tema 39.- Os medios de competencia e as novas tecnoloxías da información e da comunicación: incidencia no proceso normalizador. Situación e perspectivas.
- Tema 40.- Terminoloxía e lexicoloxía. Terminoloxía e lexicoloxía no ámbito galego. Principios básicos do traballo terminolóxico.
- Tema 41.- Normalización lingüística, planificación lingüística e terminoloxía.
- Tema 42.- Tecnolectos e a linguaxe administrativa.
- Tema 43.- A linguaxe administrativa. A linguaxe administrativa galega. A superación do modelo castelán.
- Tema 44.- A linguaxe administrativa galega: aspectos ortográficos e morfosintáxicos.
- Tema 45.- A linguaxe administrativa galega: aspectos léxico- semánticos.

- Tema 46.- A linguaxe administrativa galega: a redacción administrativa. O uso non sexista da linguaxe xurídico- administrativa.
- Tema 47.- O texto administrativo e as súas propiedades. Tipos de textos. Manuais de estilo administración.
- Tema 48.- Os documentos administrativos. Definición, clasificación e estrutura. Redacción de documentos administrativos.
- Tema 49.- Situación lingüística de Europa e do mundo: plurilingüismo e multilingüismo.
- Tema 50.- Linguas minorizadas e minorías lingüísticas en Europa. O caso español.

**19(561).- PROPOSTA DE ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCÍONS A FUNCIONARIA DE CARREIRA Nº PERSOAL 19258. EXPTE. 29027/220.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente por duplicidade, xa que está recollido no punto 17 desta sesión.

**20(562).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS DO ART. 10.1 TREBEP COMO TÉCNICO MEDIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 30072/220.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente por duplicidade, xa que está recollido no punto 18 desta sesión.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez